Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

Recurso nº 84/2018

Resolución nº 78/2018

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 24 de setembro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por I.R.S.J e A.S.S. actuando en nome e representación de ROCHE DIAGNOSTICS, S.L. a adxudicación, pola Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, dunha subministración sucesiva de reactivos e materiais para a realización de probas analíticas e o arrendamento, sen opción de compra, dun sistema de automatización total ou laboratorio core no Hospital Arquitecto Marcide, código MS-ASF1-17-006, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Xerencia da Xestión Integrada de Ferrol convocouse a licitación do contrato de subministración sucesiva de reactivos e materiais para a realización de probas analíticas e o arrendamento, sen opción de compra, dun sistema de automatización total ou laboratorio core no Hospital Arquitecto Marcide, cun valor estimado declarado de 7.198.944,13 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no DOUE do 13.10.2017; BOE do 24.10.2017 e DOGA do 26.10.2017.

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP, en adiante).

Terceiro.- Mediante o recurso presentado impúgnase a resolución de data 30.07.2018 pola que se adxudica o contrato á empresa SIEMENS HEALTHCARE S.L.U (SIEMENS en adiante), con base no incumprimento pola oferta da adxudicataria do previsto en varios apartados do PPT.

Cuarto.- En data 03.09.2018 ROCHE DIAGNOSTICS, S.L. (ROCHE en adiante) interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Quinto.- Na mesma data reclamouse á Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación do expediente foi recibida inicialmente neste Tribunal o día 10.09.2018 e completada a solicitude deste Tribunal o día 20.09.2018. O informe sobre o recurso foi recibido o día 19.09.2018.

Sexto.- Trasladouse o recurso aos interesados con data 11.09.2018, recibíndose as alegacións da empresa SIEMENS.

Sétimo.- O día 10.09.2018 este Tribunal acordou manter a suspensión do procedemento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- O recorrente foi o segundo clasificado no procedemento de licitación, polo que a posible estimación deste recurso lle suporía un beneficio na súa situación que determina a súa lexitimación.

Cuarto.- O acordo de adxudicación foi notificado o día 10.08.2018, polo que o recurso foi interposto en prazo.

Quinto.- Ao tratarse do acto de adxudicación dun contrato de subministración por importe superior a 100.000 euros, o recurso é admisible.

Sexto.- O recorrente alega que a oferta técnica da adxudicataria incumpre diversos apartados do PPT ao respecto dos requisitos ambientais e de tratamento dos residuos previstos como esixencias a cumprir polos licitadores.

O órgano de contratación oponse ás argumentacións do recurso segundo analizaremos nesta Resolución.

O adxudicatario, nas súas alegacións, defende o seu cumprimento dos requisitos previstos no PPT.

Sétimo.- O recorrente delimita os posibles incumprimentos da oferta da adxudicataria por referencia a diversos apartados do PPT, que transcribimos a continuación:

> *"Página 1. PPT:*
>
> *2.- Características Técnicas Generales 2.1. Equipamiento, implantación y software*
>
> *El licitador deberá aportar los analizadores y equipamiento necesarios para realizar las pruebas especificadas en el Anexo I. Los equipos ofertados deberán ser nuevos, extremo que deberá acreditarse por el licitador, mediante declaración responsable. La comprobación por parte del órgano de contratación del incumplimiento de este requisito dará lugar a la no consideración de la oferta presentada a la licitación o a la resolución del contrato, de detectarse con posterioridad a la adjudicación.*

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

Deberán especificarse para todo el equipamiento ofertado las siguientes características: □ Superficie máxima a ocupar (m 2). □ Peso del equipo (Kg) □ Consumo eléctrico máximo {KVA). Calorías generadas {KW) □ Ruido generado (dBa). □ Vibración (Hz). □ Instalaciones de fontanería si precisa. □ Características del equipo en posición "stand-by". □ Tipos de reactivos utilizados y su volumen/proporción final. □ Sistema de tratamiento/recogida de residuos generados y su composición.

Página 2. PPT:

El adjudicatario deberá instalar, sin coste para el Hospital y en el caso de que sea necesario, el sistema de recogida de los residuos generados para su posterior tratamiento según legislación vigente. En cualquier caso dispondrá de un sistema de detección de llenado.

Página 5. PPT:

2.5 Gestión Ambiental del Hospital

El licitador se compromete al cumplimiento de la legislación ambiental aplicable ya sea europea, estatal, autonómica y/o municipal así como a las normas de gestión ambiental que establezca el Hospital, para la bioseguridad en la manipulación de muestras, tratamiento y eliminación de residuos sólidos y líquidos.

Se facilitará toda la información ambiental necesaria, incluida la ficha de seguridad, de cada uno de los materiales suministrados {reactivos, controles, calibradores, etc.). Especialmente se facilitará Información en cuanto a la toxicidad de los materiales para su correcto desechado. También se indicará el volumen y concentración de los residuos generados y se pondrá un sistema de recogida de los mismos.

En la medida de lo posible, se elegirán reactivos de menor poder contaminante, así como que faciliten el desechado, reutilización de envases, etc.,

En cualquier caso, se dispondrá del método de eliminación adecuado para cada material, que en ningún caso será desechado por el desagüe, salvo que las características ecotoxicológicas y la legislación ambiental vigente lo permitan. Para ello se realizará una caracterización del residuo generado."

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

Se ben o recorrente fai unha xeral referencia ás cláusulas citadas, o argumento central do recurso fundaméntase en que a adxudicataria non presenta a información solicitada no PPT sobre a composición, volume e a concentración dos residuos.

O órgano de contratación no seu informe argumenta en primeiro lugar que a oferta da empresa adxudicataria especifica o sistema de tratamento/recollida de residuos xerados e a súa composición, indicando que:

> *"os analizadores ofertados contan con sistema de recollida de residuos sólidos e líquidos, no caso do Advia Centauro XPT e de sistema de recollida de residuos líquidos para o caso do Advia Chemistry XPT por non xerar estes equipos residuos sólidos, diferenciando desaugadoiros para separar os residuos contaminantes dos non contaminantes".*

En canto á eliminación dos residuos biolóxicos das mostras de pacientes, o informe sinala que:

> *"Siemens na súa oferta indica que: "la eliminación automática de muestras caducadas se lleva a cabo a través de la nevera automatizada, sin actuación ninguna por parte del operador, y por consiguiente, garantizar la seguridad del proceso".*

Polo tanto, o que se mostra inicialmente a este Tribunal é que segundo o órgano de contratación os sistemas de recollida de residuos previstos na oferta da adxudicataria cumpren os requisitos esixidos nos PPT, sen que o recorrente presente argumentación en contrario.

O recurso fundaméntase, como xa dixemos, en que SIEMENS non aporta a documentación esixida sobre a composición dos residuos, o que vulneraría o principio de igualdade de trato. Refire ao respecto que "*el PPT pedía información sobre la toxicidad, caracterización y composición no solo de los productos; también de los residuos, información que se genera después de usar el producto, esto es, una vez empleados y sometidos a reacción, momento en el que se desechan"*.

Polo que conclúe o recorrente que esa omisión "*constituye fundamento suficiente para que se deba declarar su exclusión del procedimiento de licitación*".

Debemos, polo tanto, facer referencia á normativa e á doutrina pacificamente asentada polos Tribunais administrativos ao respecto da exclusións das ofertas nun procedemento de licitación.

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

O artigo 145.1 do TRLCSP establece que as proposicións dos interesados deben axustarse ao previsto no prego e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condiciones sen reserva ningunha.

A posibilidade da exclusión da oferta dun licitador está expresamente recollida no artigo 84 do Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este precepto establece que

> *"Si alguna proposición no guardase concordancia con la documentación examinada y admitida, excediese del presupuesto base de licitación, variara sustancialmente el modelo establecido, o comportase error manifiesto en el importe de la proposición, o existiese reconocimiento por parte del licitador de que adolece de error o inconsistencia que la hagan inviable, será desechada por la mesa, en resolución motivada. Por el contrario, el cambio u omisión de algunas palabras del modelo, con tal que lo uno o la otra no alteren su sentido, no será causa bastante para el rechazo de la proposición"*

Polo tanto, como sinala o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid na súa Resolución 113/2018 para determinar a exclusión da oferta:

> *"debe considerarse si el producto ofertado incumple las exigencias requeridas en el PPT, sin olvidar que tal incumplimiento ha de ser claro, es decir, referirse a elementos objetivos, perfectametne definidos en el pliego de prescipciones técnicas, y deducirse con facilidad de la oferta, sin ningún género de dudas, la imposibiidad de cumplir con los requisitos exigidos en los pliegos."*

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais na súa Resolución 613/2014, tamén sinala que:

> *"debe tenerse en cuenta que las exigencias de dichos pliegos de prescripciones técnicas deben ser interpretadas y aplicadas de manera que no supongan obstáculos indebidos a los principios generales que guían la contratación administrativa (libertad de acceso a las licitaciones, publicidad y transparencia de los procedimientos, no discriminación e igualdad de trato entre los candidatos y eficiente utilización de los fondos públicos en conexión con el principio de estabilidad presupuestaria), recogidos en el art 1 del TR-LCSP. En este mismo sentido, se pronuncia el art 139 TR-LCSP cuando exige que: "Artículo 139. Los órganos de contratación darán a los licitadores y candidatos un tratamiento igualitario y no discriminatorio y ajustarán su actuación al principio de transparencia". En*

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

consonancia con ello, debe interpretarse el art 84 del reglamento actualmente aplicable, que realiza una regulación muy precisa de los casos en los cuales los defectos en la proposición por defectos formales o por no ajustarse a las exigencias mínimas de los pliegos pueden dar lugar a la adopción de la decisión administrativa de excluir una proposición de la licitación"

Podemos concluír, polo tanto, e seguindo o expresado polo TACRC na súa Resolución 815/2014, que non calquera incumprimento debe supoñer automaticamente a exclusión, senón que debe subsumirse nalgunha das causas recollidas na normativa, interpretarse segundo os principios de igualdade e concorrencia, e sempre ten de supoñer a imposibilidade da axeitada execución do obxecto del contrato.

Con vista nesta reiterada doutrina, e unha vez comprobado por este Tribunal e admitido igualmente no informe do órgano de contratación, que na oferta da adxudicataria non se recolle o detalle da concentración dos residuos xerados, debemos determinar se esa circunstancia debe traer como consecuencia a exclusión da oferta da adxudicataria, para o cal debemos facer referencia a tres aspectos principais.

En primeiro lugar, e como dixemos anteriormente, que segundo o órgano de contratación os sistemas de recollida de residuos previstos na oferta da adxudicataria cumpren os requisitos esixidos nos PPT, algo que o texto do recurso non pretende desvirtuar.

En segundo, que o órgano de contratación no seu informe admite que "*SIEMENS procedeu a detallar o volume pero non a concentración dos residuos xerados, nin a súa caracterización posto que as condicións de funcionamento do sistema varían moito dun laboratorio a outro e por tanto carecerían de valor para este órgano de concentración*".

E engade que "*resulta claro que non se pode determinar a concentración exacta dos residuos ata que estea en pleno funcionamento a instalación e coas técnicas concretas en activo*".

O recorrente sinala a este respecto que "*debe tenerse presente que la actividad objeto del contrato viene perfectamente definida en el PPT, claramente estimada, e incluye la lista de parámetros y el número de determinaciones de cada uno de ellos, lo*

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

que es a todas luces suficiente para poder dar una predicción ajustada (que no exacta) de la composición de los residuos".

Ante esta argumentación, o informe do órgano sinala que:

> "*resulta completamente erróneo o plasmado por ROCHE no recurso respecto a que coa información facilitada no PPT en canto á actividade prevista, a lista de parámetros e número de determinacións se podía facer unha predición axustada da composición dos residuos posto que como xa dixemos dista estimación só podería ser feita unha vez que o laboratorio estea en pleno rendemento e tras realizar varios mostreos significativos dada a gran diversidade de probas que se executan no sistema e as distintas mesturas de reactivos que se executan e teñen como resultado que as características dos residuos poidan non ser comparables dun instrumento a outro e dun día a outro*".

E abunda na súa argumentación indicando que:

> *"a natureza dos residuos, a súa composición, concentración e, por tanto, caracterización xerados por unha instalación complexa como a que se vai realizar dependen dunha serie de variables interrelacionadas como son o número de equipos conectados os sistema de automatización, a natureza das técnicas realizadas, cantidade de determinación, intervalos de tempo en que se realizan e a súa proporción, o número de equipos nos que estean activas as diversas técnicas, a combinación das técnicas realizadas nun mesmo equipo posto que ás veces requírense lavados extra para evitar contaminacións cruzadas e tempo dos traballo do sistema entre outras".*

Polo tanto, a xuízo do órgano de contratación non é posible fixar a priori a concentración dos residuos a xerar, ou non o é en parámetros axustados á realidade. Neste aspecto, este Tribunal respectando a discrecionalidade técnica que necesariamente corresponde ao órgano de contratación, debe dar por válida esa imposibilidade, tendo en conta que a argumentación técnica do órgano non carece de verosimilitude, que o propio recorrente recoñece que non sería posible aportar unha predición "exacta", ademais de que na súa oferta recóllese unha mención explícita ao respecto, como veremos a continuación.

O recorrente sinala que, en todo caso, a empresa adxudicataria podería coñecer a composición dos residuos por ser a actual subministradora dos produtos. Esta argumentación non pode ser admitida, xa que facelo sería tanto como permitir a

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

existencia dunha condición da licitación que só podería ser cumprida pola actual adxudicataria, vulnerando así o principio de igualdade.

O terceiro aspecto relevante a ter en conta é que o informe do órgano de contratación, enlazando coa imposibilidade para os licitadores de poder aportar a concentración dos residuos, sinala que "*así o entenderon e manifestaron o resto de licitadores, en tanto que ou ben non presentaron nada relativo á concentración e caracterización dos residuos ou ben presentaron unha concentración ou caracterización dos residuos que non se adaptan á realidade do nosos laboratorio, e que por tanto non foron tidas en conta*".

Pois ben, este Tribunal accedeu á correspondente documentación incluída na oferta técnica de cada un dos licitadores, observando o seguinte.

Unha das empresas licitadoras na súa documentación, se ben acompaña información sobre os posible residuos, sinala especificamente a continuación que "*la composición concreta del residuo de los analizadores de un laboratorio determinado depende de la variedad de análisis efectuados, de su número y de las muestras de pacientes procesadas, por lo que los estudios proporcionados podrían no ser totalmente representativos*". E engade algo significativo, como é que "*los valores para los vertidos indicados en la reglamentación se refieren a las concentraciones medidas en el vertido total que realmente entra en el sistema de alcantarillado público, lo cual corresponde a los valores que habrían de medirse en la arqueta final que recoja todo el vertido del laboratorio o del hospital*".

Outra das empresas non identificou na súa oferta documentación ao respecto.

E especialmente relevante é que a propia recorrente na súa oferta recoñece literalmente que a composición dos residuos é específica para cada instalación, sinalando que:

> *"La composición de los residuos contaminantes generados en estos equipos depende de los test (reactivos) y reactivos auxiliares utilizados, así como del volumen, frecuencia y secuencia de los mismos. De esta manera la variabilidad en la composición y concentración de los residuos concentrados generados es específica para cada instalación".*

Polo tanto, a situación que se nos mostra é, en primeiro lugar, que o propio texto do recurso non alega ningún incumprimento ou defecto ao respecto dos elementos e

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

materiais que son o obxecto do contrato de subministro, que lembremos segundo a cláusula 2 do PCAP refírese a:

> *"reactivos y materiales (calibradores, controles, material auxiliar específico y fungible ligado a equipos en la cantidad necesaria) para la realización de pruebas analíticas...y el arrendamiento sin opción de compra incluido mantenimiento de los equipos necesarios para ser utilizados dentro de un sistema de automatización total o laboratorio Core…"*

E, en consecuencia, que nos atopamos ante unha omisión formal da oferta da adxudicataria circunscrita a un aspecto documental referido a un elemento accesorio da licitación, como son os posibles residuos a xerar na instalación durante a execución contractual. Documentación que o órgano de contratación recoñece que é imposible de cumprimentar de forma efectiva e que a totalidade dos licitadores ou ben non a presentaron, ou ben advertiron, como especificamente fixo o recorrente na súa oferta, que a información que aportaban non se axustaba á realidade da instalación.

Así, entendemos que o defecto alegado non se sitúa nun suposto subsumible no artigo 84 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas citado anteriormente. Non nos atopamos ante unha oferta que careza de concordancia, ou exceda do orzamento base da licitación, nin que varíe substancialmente o modelo establecido, ou que comporte erro manifesto no importe da proposición. E non se aporta no recurso ningún argumento ao respecto de que a oferta resulte inviable, no senso de que a súa execución se afastaría do esixido nos pregos da licitación.

Como dixemos na Resolución TACGal 45/2018:

> "*A maiores, non por coñecido non debe ser traído que a exclusión é un resultado especialmente gravoso, polo que a proporcionalidade non é un principio menor ao respecto".*

No mesmo sentido pronúnciase o Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón no seu Acordo 8/2011, que sinala que:

> *"la valoración de la documentación requerida y los efectos derivados de su no presentación o presentación inadecuada, debe realizarse atendiendo a los distintos principios jurídicos en juego y, especialmente, al de proporcionalidad."*

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

Igualmente na nosa Resolución 12/2018 xa precisabamos que:

> *"cómpre sinalar que a exclusión das ofertas por cuestións formais debe ser obxecto dunha interpretación estrita, por ser un acto contrario aos principios de libre concorrencia e antiformalidade que rexen na contratación pública, e vinculada en todo caso a criterios de proporcionalidade. Máis nun suposto en que xa existe un adxudicatario, polo que os intereses de terceiros licitadores non poden prevalecer sobre o interese público que supón o cumprimento da oferta máis vantaxosa, aquí xa declarada no acordo de adxudicación"*

E a Resolución 78/2017 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Andalucía tamén establece que:

> *"en aplicación del principio de proporcionalidad propugnado por la jurisprudencia comunitaria y que se eleva a rango de principio de la contratación en el artículo 18 de la Directiva 2014/24/UE, hemos de tomar en consideración que los actos de los poderes adjudicadores no deben rebasar los límites de lo que resulta apropiado y necesario para el logro de los objetivos perseguidos, debiendo entender que, cuando se ofrezca una elección entre varias medidas adecuadas, deberá recurrirse a la menos onerosa y que las desventajas ocasionadas no deben ser desproporcionadas con respecto a los objetivos perseguidos."*

En conclusión, en virtude do principio de proporcionalidade procede desestimar o recurso presentado ao non apreciar este Tribunal que na licitación se vulnerase o principio de igualdade e ao non afectar o defecto formal alegado no recurso á axeitada execución do contrato.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por ROCHE DIAGNOSTICS, S.L. contra a adxudicación, pola Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, dunha subministración sucesiva de reactivos e materiais para a realización de probas analíticas e o arrendamento, sen opción de compra, dun sistema de automatización total ou laboratorio core no Hospital Arquitecto Marcide.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

Raxeira 52-2º 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 881995481 Fax 881995485
Rexistro Xeral no Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
tacgal@xunta.gal https://tacgal.xunta.gal

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.